

# MEMORIA DO PROXECTO

## CARAPUCHIÑA E A PANTALLA FERROZ: IDENTIDADES DE XÉNERO NAS REDES SOCIAIS

Novembro, 2022

### 1. ANTECEDENTES:

O presente proxecto de investigación ten os seus antecedentes nos proxectos europeos «Gender Identity: Child Readers and Library Collections (G-BOOK)» (xuño de 2017 a decembro de 2018) e «G-BOOK 2: European Teens as Readers and Creators in Gender-positive Narratives» (decembro de 2020 a xuño de 2023), ámbolos dous financiados polo programa Europa Creativa da Comisión Europea (véxase <https://g-book.eu>). Dos grupos de traballo destes dous proxectos, coordinados pola Universidade de Bolonia e nos que participaron, alén da Universidade de Vigo, a Universidade Sorbonne Paris Nord, a Dublin City University de Dublín, a Biblioteca Pública de Saraxevo, a Biblioteca Pública rexional de Veliko Terno (Bulgaria) e a Biblioteca Pública de Liubliana (Eslovenia), formaron parte catro membros do grupo AI1 da Universidade de Vigo, nomeadamente as doutoras Veljka Ruzicka (IP e especialista en literatura infantil e xuvenil en alemán), Lourdes Lorenzo e Ana Pereira (especialistas en tradución audiovisual inglés>español/galego, accesibilidade e en tradución de literatura infantil e xuvenil) e Beatriz Rodríguez (especialista en tradución literaria inglés>español/galego). Os dous proxectos anteriores levaron á creación da primeira bibliografía europea sobre igualdade de xénero en Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) en inglés, francés, italiano, alemán, búlgaro, bosnio-serbio-croata e castelán para nenas e nenos con idades comprendidas entre os 3 e os 14 anos.

No eido investigador, o grupo de investigación da Universidade de Vigo «Literatura infantil e xuvenil angloxermana e a súa tradución» (IP) foi quen de converterse nunha referencia internacional na investigación da igualdade de xénero na LIX, sendo o único grupo de investigación español que conseguiu participar nun proxecto europeo sobre esta temática. Alén disto, os seus membros pertencen ao Grupo de Innovación Docente *GTiCH / Group for Teaching Innovation on Children's Literature*.

No presente proxecto de investigación traballaremos as catro investigadoras antes mencionadas, dúas investigadoras máis do mesmo grupo (Ana Fernández e Sonsoles Facal) e un investigador do grupo GALMA (Jesús Meiriño). Tanto Sonsoles Facal como Jesús Meiriño son doutorandos do Programa en Comunicación da Universidade de Vigo e expertos en Lectura Sinxela e técnicas estatísticas respectivamente.

### 2. OBXECTIVO:

Os personaxes dos contos clásicos abandonaron paseniñamente as casiñas dos bosques, os castelos e as torres para ter que confrontar outros perigos maiores. Se ben a sociedade actual celebra a diversidade e rompe con estereotipos de xénero, as carapuchiñas do século XXI non se libran do acoso dos lobos a través das pantallas.

Co presente proxecto propuxémonos analizar o uso da linguaxe en redes sociais por parte de preadolescentes e adolescentes para ver de que maneira difire dos usos estándar da lingua e en que modo o par sexo/xénero inflúe no seu uso. Neste achegamento tentamos recadar datos tamén sobre imaxinario e identidades, sexismo e hipersexualización que nos permitirán, en última instancia, diagnosticar e previr posibles condutas que son soleira da violencia de xénero. Para realizar este estudo partimos de datos obtidos de enquisas e de clubs de lectura con adolescentes nos que se

puxeron en relación os relatos coas novas narrativas dixitais (Facebook, Instagram, Tik tok, WhatsApp e SnapChat). Para tal fin contamos coa colaboración de Espazo Lectura, Down Vigo, Centro Juan María e os I.E.S. Pino Manso (O Porriño) e Ricardo Mella (Vigo). Cando fixemos a solicitude pensamos replicar os clubs de lectura tamén na Biblioteca Pública de Lugo, na Asociación Cultural Ponte nas ondas! e no Concello de Vigo, pero ao non obter todo o financiamento previsto tivemos que reorganizar o proxecto. No seguinte apartado, en metodoloxía, indicaremos polo miúdo como foi a colaboración con cada unha destas entidades.

Interesounos especialmente (a) ver se había diferenzas na temática tratada e na linguaxe empregada nas redes sociais por rapaces e por rapazas, (b) ver se o feito de ter unha discapacidade intelectual influía dalgunha maneira no modo en que se expresan elas e eles e (c) analizar imaxinario e identidades de xénero nas redes para deseñar estratexias que axuden a corrixir determinadas condutas (nomeadamente dúas, hipersexualización e violencia de xénero).

Os libros cos que traballamos nos clubs de lectura (de novo, comentados polo miúdo no seguinte apartado) foron escollidos da bibliografía europea preparada para o proxecto G-Book 2; a súa lectura en sesións monitorizadas por unha persoa dinamizadora serviu como paso previo que animou logo aos asistentes a facer comentarios sobre o uso das redes no que atinxe á perspectiva de xénero. Para os grupos de adolescentes con discapacidade cognitiva (Down Vigo e Centro Juan María), empregáronse libros adaptados a Lectura Sinxela.

### 3. METODOLOXÍA

O primeiro paso foi a consulta bibliográfica. Fixemos unha revisión da bibliografía que tiña que ver con sexo/xénero e a súa interacción (cfr. ANEXO I); concretamente, exploramos os conceptos de: identidades e imaxinario de xénero, sexismo na linguaxe, hipersexualización, discapacidade/xénero/linguaxe e violencia de xénero nas narrativas dixitais (Facebook, Instagram, Tik tok, WhatsApp e SnapChat).

Tamén realizamos un curso a través da plataforma Buvela («Análise de xénero na investigación»), impartido pola Dra. Capitolina Díaz, que nos serviu de moito no momento de adoptar a nosa posición como investigadoras e investigadores. Tal como nos recomendaron neste curso, tentamos evitar os sesgos sexistas, fuxir do androcentrismo (algo non moi difícil con este tipo de investigación, na que hai máis mulleres que homes traballando), da insensibilidade de xénero, dos dobres estándares e do concepto «propio do seu sexo» asumido socialmente.

Seguidamente o que fixemos foi deseñar o formato da recollida de datos, que tivo dúas formulacións:

- (a) Clubs de lectura: organizáronse 3 clubs de lectura, un coa colaboración de Espazo Lectura e 2 na asociación Down Vigo e no Centro Juan María (ambos dedicados á atención e formación de persoas con discapacidade cognitiva ou intelectual).

A organización dos clubs de lectura fíxose seguindo as recomendacións de Jiménez (2020) e, no caso dos realizados con adolescentes con discapacidade cognitiva, complementáronse coas pautas protocolizadas pola Asociación Lectura Fácil. Os libros empregados nos clubs para obter información sobre o obxecto da investigación foron:

- Guerrero, Andrés. 2016. *El amor es demasiado complicado* (en Lectura Fácil). Madrid: Santillana (Loqueleo).
- Alegría, Pablo. 2020. *Redes sociales: conéctate de forma segura y responsable* (en Lectura Fácil). Barcelona: Editorial La mar de fácil.
- Amavisca, Luis y Marta Sevilla. 2020. *La perra, la cerda, la zorra y la loba*. Madrid: NubeOcho Ediciones.

Tamén se empregou o poster «Recoñece a liña vermella», editado pola Xunta de Galicia para previr condutas sexistas e violencia de xénero na adolescencia, e se pasou a enquisa descrita

a seguir, pero en formato papel.

- (b) Enquisa online: esta enquisa (ANEXO II) recolle expresións<sup>1</sup> usadas habitualmente polas xeracións Z (cohorte 2000-2010 aprox.) e Alfa (cohorte 2010-2020 aprox.); a meirande parte delas son neoloxismos e algunhas teñen un claro nesgo sexista. Foi enviada ao I.E.S. Pino Manso (O Porriño) e ao I.E.S. Ricardo Mella (Vigo), centros nos que se contou coa colaboración do profesorado.

#### 4. ANÁLISE E RESULTADOS

A preadolescencia e a adolescencia son etapas no desenvolvemento do ser humano nas que o individuo se move entre unha nenez que aínda pesa moito e unha etapa adulta que atrae ao tempo que amedrenta. Aos cambios físicos e condutuais hai que engadir cambios no uso da linguaxe, co desenvolvemento dunha forma propia de falar que corre parella ó uso que fan do estándar pero que lles dá un sentimento de pertenza a un grupo (non esquezamos que o gregarismo é tamén característica definitoria desta etapa). A estas idades búscase diferenciarse da infancia, pero tamén fuxir do control dos adultos e a linguaxe axuda, posibilitando a creación de formas de fala diferentes e habitualmente pasaxeirias, das que só algunhas pasan a incorporarse ao repertorio común dos falantes (Magadán, 2022).

Na actualidade o observatorio ideal para examinar os usos lingüísticos desta banda etaria son as novas narrativas dixitais. Facebook, Instagram, Tik tok, WhatsApp e SnapChat recollen as súas formas de expresión, pero non sempre é doado acceder a elas porque, aínda que resulte paradoxal, ao tempo que non teñen ningún problema en expoñer continuamente as súas vidas nas redes sociais, son moi receosos para permitir o acceso ás mesmas por parte dos adultos, malia que os fins destes sexan puramente investigadores.

A organización de clubs de lectura permitiunos un achegamento a mozos e mozas nun ambiente distendido para falar do uso que fan das anteditas narrativas dixitais, das novas formas de expresión que utilizan e para observar se o par sexo/xénero condiciona dalgunha maneira a forma de falar, a temática e as súas interaccións. Neste diálogo tratáronse temas como as identidades de xénero, o sexismo, a hipersexualización e a violencia de xénero, o que nos deu ferramentas para axudar co diagnóstico e previr condutas que poden desembocar en violencia de xénero. A seguir, presentamos un resumo dos resultados preliminares:

##### 4.1. Interacción sexo/xénero e estereotipos

Os conceptos de sexo e xénero continúan a ser confundidos por rapazas e rapaces, que adoitan pensar neles como sinónimos: consideran que o sexo é biolóxico e o xénero deriva naturalmente del. A maiores, a pesar de que pensan que a súa xeración é moito máis aberta e tolerante con estas cuestións, no fondo parten de esquemas ríxidos e de construcións culturais estereotípicas do que se espera deles, aceptando, iso si, que existan «os diferentes» (persoas trans ou de xénero fluído, por exemplo).

##### 4.2. Identidades de xénero, linguaxe sexista e violencia de xénero

Cando se fala de violencia de xénero deseguida pensamos en casos de telexornal e dunha ringleira de asasinatos que no percorrido de cada ano parece non ter fin. Porén, a violencia de xénero pode iniciarse a idades temperás, xustamente cando se están a construír as identidades e o imaxinario de xénero; nos centros educativos existe violencia de xénero en maior ou menor grao e, case sempre, empeza no uso que se fai da linguaxe. Na actualidade o modelo educativo predominante é o mixto, pero non é sinónimo de modelo coeducativo no sentido de educar en igualdade. O androcentrismo continúa a imperar en moitos programas escolares, como indican Álvarez, Vizcarra e Lasarte (2019). O espazo referencial que constitúe o centro educativo continúa perpetuando moitos roles de xénero e

---

<sup>1</sup> Os termos poden aparecer en galego, español ou inglés, dado que son linguas que se usan mesturadas nas interaccións das e dos adolescentes.

valores patriarcais, malia os esforzos que se fan desde as distintas administracións para mudar a situación. E a lingua é o seu instrumento.

Nos clubs de lectura empregaron, como ferramentas para animar o debate, os libros, a enquisa e o póster presentados no apartado 3. Os libros serviron para iniciar a conversa sobre relacións amorosas e sexuais, redes sociais e cuestións de xénero. Da enquisa (que se empregou nos clubs de maneira presencial e que logo se enviou aos dous centros de ensino secundario) pódense observar os datos analizados no ANEXO III.

Nos clubs de lectura traballouse tamén, como se indicou anteriormente, cun póster que recolle expresións sexistas e estereotipos de xénero, e fíxose unha posta en común. Practicamente a totalidade das rapazas afirmaba que na súa contorna familiar (non necesariamente os pais ou as nais, senón ás veces avós, tíos...) alguén se dirixira a elas con expresións como: «muller, non te enfades, co guapiña que es», «senta como unha mocinha», «con esa saia vas pedindo guerra» ou «iso non é de rapazas/iso é de marimachos». Os rapaces, pola contra, refiren escoitar na casa expresións como «co teu irmán é distinto... el é un rapaz». Ademais, unhas e outros foron nalgún momento partícipes de conversas nas que saían expresións como «naceulles unha meona/unha chorona», «muller ao volante, perigo constante», «home pequeno, nin muller é», «bailar agarrado aínda lles cae ben a dúas mulleres, pero a dous homes!», «o teu marido axúdate na casa?, que sorte!» «e como viñeches soa? E o teu mozo/home?», «relaja la raja», «as marujas/os programas de *marujeo*» e ata a célebre reprimenda da nai de Boabdil, «chora como muller o que non soubeches defender como home». Tamén refiren que continúan a usar «as enfermeiras» fronte a «os médicos» (degradación de profesións) porque é o que escoitan habitualmente. Alén do anterior, ao par coñazo (negativo) / caralludo (positivo) hai que engadir novos «palabros» propios da xeración Z como o verbo «emputar» (sinónimo de «encabronar») ou a expresión «dar unha putivolta» (pasearse por unha festa, un patio de recreo, unha praza para ver e ser visto/a, pero volver sen conseguir nada). Por último, multiplícanse os acrónimos co significado de puta/zorra: THOT, BOSH, SLUB, HOE...

Cando se tratou o tema da violencia de xénero a través das redes sociais e das novas narrativas dixitais, os participantes no club de lectura relataron experiencias que viviron de primeira man ou de forma indirecta e que teñen xa formas léxicas acuñadas e que practicamente todos recoñecen: sexteo ou sexting (envío de mensaxes de contido sexual, erótico ou pornográfico a través do teléfono), sexts (mensaxes de texto de contido sexual, erótico ou pornográfico), sextorsión (ameaza de revelar fotos íntimas, etc.), GNOC (ímpete diante da cámara), GYPO (quita os pantalóns) ou SUGARPIC (envíame unha foto sexy).

#### 4.3. Hipersexualización

No último terzo do século XX era a publicidade a que contribuía á sexualización especialmente da muller (anuncios de perfumes, roupa, maquillaxe, mulleres en posturas insinuantes para anunciar produtos...), pero na actualidade deuse un paso máis e chegou ao que podemos chamar hipersexualización, isto é, a obsesión por resaltar os atributos sexuais por riba de calquera outra característica definitoria das persoas. As novas xeracións reciben xa o cualificativo de «pornonativas»<sup>2</sup> e a rapazada coincide en que a meirande parte da xente á que seguen (*influencers*) son figuras hipersexualizadas (abdome moi traballado, no caso dos homes; peitos e cu voluptuosos, no caso das mulleres; labios grosos, en tódolos casos). Tamén refiren que as poses máis habituais nos seus selfis (especialmente as rapazas) son «poñendo morriños» e que son ese tipo de fotos as que máis *likes* obteñen, obxectivo que perseguen na procura do recoñecemento social e da popularidade.

#### 4.4. Discapacidade cognitiva, xénero e linguaxe

A adolescencia supón unha etapa de dificultade engadida para persoas con discapacidade cognitiva, trastornos da linguaxe, síndrome de Down, etc. Moitas veces as novas formas de fala dos seus pares

---

<sup>2</sup> Xornada “Live Your Real Life” (Asociación de Consumidores de Medios Audiovisuales, decembro, 2019): <https://contraste.info/jovenes-hablamos-de-hipersexualizacion-en-las-redes-sociales/>

en contextos de inclusión educativa fan que as rapazas e os rapaces con este tipo de problemas experimenten illamento e se incrementen os problemas emocionais e condutuais (Yew e O’Kearney, 2013) que os levan a emprender poucas relacións íntimas e de amizade.

Mozos e mozas con discapacidade cognitiva tamén son usuarios de redes sociais e non son alleos ás novas narrativas dixitais, malia que fan un uso menor delas, máis pasivo (só unha minoría publica algo de contido en Instagram) e máis limitado tanto en forma de expresión como en contidos (música, películas e series e, en menor medida, noticias). A discapacidade cognitiva adoita afectar en maior ou menor medida ás habilidades lingüísticas e, xa que logo, a linguaxe que empregaron as persoas participantes nos clubs de lectura achégase máis ao estándar, con escasas expresións idiomáticas e pouca riqueza en canto a rexistros. Por exemplo, as mensaxes de WhatsApp, contrariamente ao que acontece coas dos (pre)adolescentes sen discapacidade cognitiva, son máis curtas e case non usan abreviaturas e fórmulas alternativas ao uso estándar; pero si recorren con moita frecuencia a emoticonas, fotos, audios e vídeos propios.

Verbo da xerga propia das redes (da que se recollían moitos exemplos na enquisa deseñada para esta investigación), a gran maioría non a reconece. Moi poucos coñecían un par de expresións da enquisa: «LOL» e «hater». Así mesmo, descoñecen palabras de uso común como «hashtag» ou «tips». Tampouco se observan diferenzas nin nas expresións nin nas temáticas se temos en conta as variables sexo/xénero: todos os participantes eran homes e mulleres e o seu sexo coincidía coa súa identidade de xénero.

Estes resultados hai que interpretalos á luz de como usan as narrativas dixitais, de forma moito máis tutelada que os seus pares sen discapacidade (na maioría dos casos, proxenitores e profesorado fan un seguimento puntual das súas interaccións).

## 5. CONCLUSIÓNS

Desta investigación preliminar, que cómpre ampliar no futuro a unha mostra maior de individuos, podemos concluír que:

- (a) Rapaces e rapazas tratan temas semellantes: estudos, hobbies, conversas sobre celebracións e agasallos. Dos clubs de lectura podemos deducir que as rapazas tratan máis temas de moda e roupa que os rapaces, mentres que estes adoitan falar máis ca elas de deportes.
- (b) Rapaces e rapazas empregan neoloxismos propios da súa xeración (recollidos, en parte, na enquisa do ANEXO II). Entre estes destacan formas sexistas (emputar) e acrónimos que continúan cousificando a muller (THOT, BOSH, SLUB ou HOE como sinónimos de puta/zorra).
- (c) Rapaces e rapazas con discapacidade intelectual fan tamén uso de redes sociais e de narrativas dixitais, pero cun papel máis pasivo que dá preferencia ao intercambio de imaxes; as súas interaccións están moito máis monitorizadas por pais, nais e profesorado.
- (d) Rapaces e rapazas teñen unha imaxe de si mesmos máis tolerante (especialmente a cuestións de diversidade sexual) con respecto á que imaxinan en xeracións anteriores, pero aínda reproducen máis ou menos conscientemente estereotipos de xénero e aceptan como normal e mesmo desexable unha conduta hipersexualizada da que convén facer seguimento para evitar futuras violencias de xénero.

Finalmente, consideramos que o profesorado de ensino medio, ao que faremos chegar esta memoria, debe abordar transversalmente os temas estudados neste proxecto. Para tal fin, aconsellamos:

-Traballo en aula con libros do proxecto europeo «G-BOOK 2: European Teens as Readers and Creators in Gender-positive Narratives» (<https://g-book.eu>).

-Consulta e traballo en aula con guías para o uso non sexista da linguaxe (recollidas na páxina do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade<sup>3</sup>).

-Traballo en aula con ferramentas informáticas como a Lupa Violeta (Asociación AD Los Molinos), que axudará a evitar o uso sexista da lingua.

-Traballo en aula con textos, publicidade, películas, etc. que axuden ao seu alumnado a estar vixiante, a tomar conciencia da cousificación e hipersexualización da muller e do prexuízo que pode causar un mal uso das redes sociais, en ocasións antesala da violencia de xénero. Como din Cárdenas-Rodríguez *et al.* (2021: 154):

vivimos en una sociedad patriarcal innovadora y creativa, en la que este sistema de dominación se está adaptando a los cambios sociales, económicos y políticos actuales, y va encontrando nuevos espacios de actuación para seguir dominando [...] este sistema no solo se caracteriza por su constitución camaleónica, sino también porque los propios individuos dominados se convierten en los ejecutores del mismo.

Porque a pantalla pode ser feroz para as carapuchiñas do século XXI.

## ANEXO I

Algunha bibliografía consultada para este proxecto:

*Alternativas al binarismo en cuestionarios*. Documento de traballo subministrado a través de Buvela no curso Análise de xénero na investigación (explicado máis abaixo).

Álvarez, Vizcarra e Lasarte. 2019. “El significado y la evolución del término coeducación con el cambio de siglo”, *Tendencias Pedagógicas*, 34, 62-75.

Bahamón Castro, Nicolás. 2018. *Construcción y Emergencia Identitaria Desde el Lenguaje de Poder de las Redes Sociales, en un Adolescente, su Familia y el Contexto Educativo*. Trabajo fin de grado. Bogotá: Universidad Cundinamarca.

Cárdenas-Rodríguez, Rocío *et al.* 2021. “Participación social de las mujeres. Elaboración de proyectos de intervención socioeducativa desde la perspectiva de género”, en Pérez de Guzmán, Victoria e Terrón Caro, Teresa (eds.). *Educación para construir sociedades más inclusivas. Retos y claves de futuro*. Madrid: Narcea de Ediciones, 151-170.

Cervantes, Victoria. 2020. *Redes sociales y su influencia en el lenguaje de los jóvenes de 12 a 15 años en la ciudad de Vinces en periodo enero a junio 2020*. Proyecto de pregrado. Ecuador: Universidad técnica de Babahoyo.

Clarín (especial sociedad): *Diccionario adolescente: de la A a la Z*: [https://www.clarin.com/sociedad/diccionario-adolescente-z-significa-crige-dea-rucula-0\\_WC49zUFl.html](https://www.clarin.com/sociedad/diccionario-adolescente-z-significa-crige-dea-rucula-0_WC49zUFl.html) (data última de consulta: 23/11/2022)

Edikeus: *lenguaje o jerga adolescente: guía para entenderla*: <https://edikeus.com/lenguaje-o-jerga-adolescente-guia-para-entenderla/> (data última de consulta: 23/11/2022)

Fausto-Sterling, Anne. 2000. *Sexing the Body. Genderpolitics and the construction of sexuality*. New York: Basic Books.

---

<sup>3</sup> [https://www.inmujeres.gob.es/servRecursos/formacion/GuiasLengNoSexista/docs/Guiaslenguajenosexista\\_.pdf](https://www.inmujeres.gob.es/servRecursos/formacion/GuiasLengNoSexista/docs/Guiaslenguajenosexista_.pdf) (última data de consulta: 24/11/2022).

Guillaumin, Colette. “Práctica del poder e idea de Naturaleza”. Artículo suministrado a través de Buvela no curso Análise de xénero na investigación (explicado máis abaixo).

Jiménez Arruebo, M<sup>a</sup> Pilar. 2020. *Roles y estereotipos de género en la literatura infantil y juvenil a través de un club de lectura*. Zaragoza: Universidad de Zaragoza.

Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres. Jefatura del Estado. BOE, 71, de 23 de marzo de 2007 Referencia: BOE-A-2007-6115.

Magadán, Cecilia. Lenguaje adolescente, una forma permanente de diferenciación. <https://www.lareciproca.com.ar/2018/07/25/lenguaje-adolescente/> (data última de consulta: 23/11/2022)

Prieto Navarrete, Y.K. et al. 2021. *Lenguaje en redes sociales, nueva jerga de los adolescentes de 12 a 16 años*. Trabajo de especialización. Bogotá: Corporación Universitaria Iberoamericana.

Reyes, G. C. T. et al. 2019. “Características del lenguaje y la comunicación en redes sociales en estudiantes de enseñanza básica”. *Revista Reflexión e Investigación Educativa*, 2(1), 35-56.

Vanegas Ramírez, M. H. 2014. *La escritura y las redes sociales*. Recuperado de <http://repository.ut.edu.co/handle/001/1166> (data última de consulta: 23/11/2022)

Vélez, Eva. 2020. La guía (casi) definitiva para entender el lenguaje de los jóvenes. *El Comercio*: <https://www.elcomercio.es/sociedad/lenguaje-adolescente-guia-definitiva-entender-20200704115421-nt.html> (data última de consulta: 23/11/2022)

Victoria, S. (2016). *El nuevo lenguaje de los jóvenes en internet*. Recuperado de: <https://www.elpais.com.co/california/el-nuevo-lenguaje-de-los-jovenes-eninternet.html> (data última de consulta: 23/11/2022)

Yew, S. G. K., e O'Kearney, R. (2013). “Emotional and behavioural outcomes later in childhood and adolescence for children with specific language impairments: Meta-analyses of controlled prospective studies”, *Journal of Child Psychology and Psychiatry*, 54(5), 516-524. <https://acamh.onlinelibrary.wiley.com/doi/10.1111/jcpp.12009>



## ANEXO II

Enquisa con expresións propias de mozos e mozas de entre 12 e 18 anos.



*Carapuchiña e a pantalla feroz: identidades de xénero nas redes sociais*  
Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO

Idade: \_\_\_\_\_  Home  Muller  Outro \_\_\_\_\_ Como te comunicas cas túas amigas/os? \_\_\_\_\_

Coñeces algúns destes termos? Cales?

- |   |  |
|---|--|
| 1. <input type="checkbox"/> <i>Send nudes</i>     | 13. <input type="checkbox"/> <i>Mood</i>                 |
| 2. <input type="checkbox"/> <i>POV</i>            | 14. <input type="checkbox"/> <i>Crush</i>                |
| 3. <input type="checkbox"/> <i>FAV</i>            | 15. <input type="checkbox"/> <i>RT / same / X2</i>       |
| 4. <input type="checkbox"/> <i>Hater</i>          | 16. <input type="checkbox"/> <i>Meter / tirar fichas</i> |
| 5. <input type="checkbox"/> <i>LMAO</i>           | 17. <input type="checkbox"/> <i>Pico/pala</i>            |
| 6. <input type="checkbox"/> <i>MP / MD / DM</i>   | 18. <input type="checkbox"/> <i>Tira a Caña</i>          |
| 7. <input type="checkbox"/> <i>Random</i>         | 19. <input type="checkbox"/> <i>Jalar</i>                |
| 8. <input type="checkbox"/> <i>Shippear</i>       | 20. <input type="checkbox"/> <i>Outfit</i>               |
| 9. <input type="checkbox"/> <i>Cringe / lache</i> | 21. <input type="checkbox"/> <i>Bro</i>                  |
| 10. <input type="checkbox"/> <i>F</i>             | 22. <input type="checkbox"/> <i>LOL</i>                  |
| 11. <input type="checkbox"/> <i>Stalkear</i>      | 23. <input type="checkbox"/> <i>Ai, bromiña!</i>         |
| 12. <input type="checkbox"/> <i>Metas</i>         | 24. <input type="checkbox"/> <i>Coller</i>               |



25.  *Onvres*
26.  *Next*
27.  *Sexy lady*
28.  *Mariquita*
29.  *Unga unga*
30.  *Hetero básico*
31.  *Beef*
32.  *Mamadísimo*
33.  *Sugar daddy*
34.  *Sugar mommy*
35.  *Sugar baby*
36.  *Fulana*
37.  *Tanqueta*
38.  *Bombona*
39.  *THOT, BOSH, SLUB, HOE*
40.  *QMQ*
41.  *KLK*
42.  *Mola mazo*

Exemplos de uso dos termos anteriores que coñezas:

- 1 .....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....
- 7.....
- 8.....
- 9.....
- 10.....
- 11.....
- 12.....
- 13.....
- 14.....
- 15.....
- 16.....
- 17.....
- 18.....
- 19.....
- 20.....
- 21.....
- 22.....
- 23.....
- 24.....
- 25.....
- 26.....
- 27.....
- 28.....
- 29.....

- 30.....
- 31.....
- 32.....
- 33.....
- 34.....
- 35.....
- 36.....
- 37.....
- 38.....
- 39.....
- 40.....
- 41.....
- 42.....

Outros termos que uses con xente da túa idade e que non estean aquí:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

### ANEXO III

Análise estatística dos resultados da enquisa.


Co fin de coñecer o uso da linguaxe sexista no contexto da mocidade de entre 12 e 18 anos<sup>4</sup>, realizouse unha enquisa de xeito presencial (clubs de lectura), mais tamén en liña que pode consultarse no seguinte enlace: <https://forms.gle/ty4wFxEggjnkWZQQA>. A mostra da poboación enquisada está constituída por dous grupos de idade: 16 rapazas e 14 rapaces (12-15 anos), así como 2 rapazas, 5 rapaces e 2 persoas que non marcaron xénero (16-18 anos). De entre a listaxe de termos e expresións incluídas na devandita enquisa estudáronse aqueles que teñen un nesgo non inclusivo (tanqueta, bombona), aquelas que implican o ámbito das relacións sexuais e amorosas, e do engate (send nudes, meter/tirar fichas, jalar, coger, tirar la caña, estar pico-pala con alguén), aquelas que empregan para referirse a homes machistas (onvres, unga unga e hetero básico<sup>5</sup>), as que usan para denominar a homosexuais (mariquita) e prostitutas (fulana) e aquelas que denominan relacións nas que hai unha diferenza de idade e económica entre os participantes (sugar mommy, sugar daddy e sugar baby<sup>6</sup>).

A seguir preséntanse, organizados por franxas de idade, por un lado, os resultados globais e, polo outro, os datos detallados dos diferentes grupos de léxico segundo o seu significado.

Os resultados que se mostran nas ilustracións 1 e 2 indican que, mentres na franxa de idade de 12 a 15 anos a linguaxe sexista está máis presente no ámbito dos rapaces que no das rapazas, non ocorre o mesmo na franxa de idade de 16 a 18, na que o dito vocabulario ten máis presenza nas conversas das mozas. Obviamente, o tamaño da mostra só permite apuntar tendencias; para confirmar ou rebater estes resultados, sería preciso realizar unha enquisa a unha mostra de poboación máis numerosa.


#### Gráfico 1

Resultados globais verbo do uso da linguaxe sexista (12 a 15 anos)



#### Gráfico 2

Resultados globais verbo do uso da linguaxe sexista (16 a 18 anos)



No que respecta aos resultados por grupos léxicos na banda de idade de 12 a 15 anos, apreciamos que, salvo nun caso (o das formas «sugar daddy», «sugar mommy» e «sugar

<sup>4</sup> No caso dos clubs de lectura realizados con persoas con discapacidade o rango de idade estendeuse ata os 22 anos, tendo en conta o concepto de “nado eterno” (Ainhoa Castro, <https://demanoenmano.net/la-adolescencia-la-discapacidad/>) ou “adolescencia tardía”.

<sup>5</sup> Resulta curioso observar como estas xeracións teñen moi interiorizadas as condutas racistas e evitan expresións sinónimas que se empregaban antaño (por exemplo, ser un moro, para referirse a un home con comportamentos machistas). Mesmo moitos descoñecen estes usos.


<sup>6</sup> Que coincide, en parte, co que antano se denominaba en España “pagafantas”, pero que pode incluír tamén o sexo como contrapartida aos agasallos por parte do adulto.

baby»), en tódolos demais faise un maior uso da linguaxe sexista no caso dos nenos que das nenas, como se mostra nos gráficos 3, 5, 7, 9, 13 e 15 posteriores.

Alén do anterior, o resultado que, ao noso ver, máis sobresaé garda relación co uso dispar das formas «tanqueta» e «bombona», que se empregan para indicar que unha moza é guapa e desexable sexualmente. Neste sentido, mentres na banda de idade de 12 a 15 anos os ditos vocábulos son máis empregados nas conversas dos nenos (67 % dos nenos fronte ao 33 % das nenas), no caso das mozas e mozos de entre 16 a 18 anos a porcentaxe invértese: 51 % das nenas e 36 % dos nenos. De novo, cumpriría levar a cabo novos estudos con máis suxeitos nesta franxa de idade.


**Gráfico 1**

Resultados verbo do uso da forma «send nudes» (12-15 anos)




**Gráfico 4**

Resultados verbo do uso da forma «send nudes» (16 a 18 anos)




**Gráfico 5**

Resultados verbo do uso das formas «meter/tirar fichas», «pico-pala», «jalar», «coger» e «tirar la caña» (12 a 15 anos)




**Gráfico 6**

Resultados verbo do uso das formas «meter/tirar fichas», «pico-pala», «jalar», «coger» e «tirar la caña» (16 a 18 anos)




**Gráfico 7**

Resultados verbo do uso das formas «onvres», «unga unga» e «hetero básico» (12 a 15 anos)




**Gráfico 8**

Resultados verbo do uso das formas «onvres», «unga unga» e «hetero básico» (16 a 18 anos)




**Gráfico 9**

Resultados verbo do uso da forma «mariquita» (12 a 15 anos)




**Gráfico 10**

Resultados verbo do uso da forma «mariquita» (16 a 18 anos)




**Gráfico 11**

Resultados verbo do uso de «sugar daddy», «sugar mommy», «sugar baby» (12 a 15 anos)




**Gráfico 12**

Resultados verbo do uso de «sugar daddy», «sugar mommy», «baby» (16 a 18 anos)




**Gráfico 13**

Resultados verbo do uso da forma «fulana» (12 a 15 anos)




**Gráfico 14**

Resultados verbo do uso da forma «fulana» (16 a 18 anos)




**Gráfico 15**

Resultados verbo do uso das formas «tanqueta» e «bombona» (12 a 15 anos)



**Gráfico 16**

Resultados verbo do uso das formas «tanqueta» e «bombona» (16 a 18 anos)



Para rematar, consideramos apropiado sinalar que, cando se lles preguntou ás persoas participantes na enquisa por outras expresións de uso cotiá con xente da súa idade, ningún dos termos indicados eran de tipo non inclusivo.